CONCELLO
DE **TEO**

## ANUNCIO

Por Resolución da Alcaldía do 23 de marzo de 2018 (res. 272/2018) acordouse corrixir o erro material detectado no apartado 4.1 do prego de prescricións técnicas do "Servizo de telefonía fixa e móbil así como liñas de datos para acceso a internet e creación e mantemento das infraestruturas necesarias para a correcta prestación do servizo" (Expte.: S-1/2018) de xeito que onde dí "Casa común de Rarís 100Mb/10Mb", debe dicir "Casa Común de Rarís 3Mb/0,1Mb".

Así mesmo, corríxese o erro material detectado no Anexo V do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación do servizo referido, de xeito que onde dí "Casa común de Rarís 100Mb", debe dicir: "Casa común de Rarís 3Mb", e onde dí "Casa común de Rarís 10Mb" , debe dicir: "Casa común de Rarís 0,1Mb".

O presente anuncio de corrección será publicado no Boletín Oficial da Provincia, no Diario Oficial de Galicia e Perfil do contratante do Concello de Teo, abrindo novo prazo de 15 días naturais desde a publicación do último anuncio a efectos da presentación de ofertas.

Comunícase que serán tidas en conta tanto as ofertas presentadas no segundo prazo de presentación como aquelas que se presentasen no primeiro prazo e non fosen retiradas, sempre e cando non houbese duplicidade de presentación por parte dalgunha empresa en cuxo caso, sería excluída do procedemento por aplicación do artigo 145.4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Teo, 23 de marzo de 2018.
O alcalde,

Alcaldía
TEO (A CORUÑA)

Rafael C. Sisto Edreira